




Ruta dos Chozos da Airoa (O Suído)

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2023



Distancia: 12 km (circular)
Dificultade: media



Chozo no Curral de Porto



Narcissus cyclamineus, especie endémica de Galiza e do norte de Portugal


A Serra do Suído ten unha vertente leste case recta, formada por xistos, que dan lugar a cumes achairados con fortes pendentes, e na oeste, formada por granitos, presenta prolongacións laterais de pendentes máis suaves, coroadas por bolos rochosos, entre as que hai vales que acollen varias poboacións e os cursos altos de ríos e numerosos regatos. Hoxe camiñamos por un deses vales, o do río Valdome (Parada-Oitavén), na parroquia da Laxe, en Fornelos de Montes, para facer a Ruta dos Chozos, unha camiñada de interese natural, paisaxístico e etnográfico, na que ao longo do percorrido, perfectamente sinalizado (incluídos os curtos desvíos necesarios), imos descubrindo e recoñecendo os diversos puntos de interese.



Panorámica da Laxe desde o miradoiro.

PERCORRIDO

Seguindo o itinerario marcado, saímos do punto de inicio, na **área de lecer da Airoa**, que se atopa un pouco adiante da localidade, sinalizada na estrada e con amplo aparcamento, para enfrontarnos a varias horas de camiñada e, ao pouco, xa atopamos a fermosa ferverza, de ampla fronte e boa altura, pola que se descolga a **Barranqueira da Fonte Uceira**, coñecida como a **ferverza dos Casariños**, o camiño achéganos a ela e un desvío, con forte desnivel, permite ir ao seu pé. Un carreiro que sube pola dereita da ferverza lévanos á parte de arriba onde hai outra ferverza de menor altura, mais igualmente fermosa. Voltamos ao camiño principal e máis adiante cruzamos a barranqueira, por un vello pasal, antes de chegar á cancela, que temos que abrir e pechar, pola que pasamos ao conxunto dos **chozos dos Casariños** dos que so quedan restos. Desde aquí temos un longo tramo de subida suave até acadar o desvío ao **Xesteiro da Airoa**, desde o que se abranguen unha fermosas panorámicas de todo o val e os cumes que o rodean. Baixamos logo ao **prado do Porto** onde veremos un prado e cruzaremos o río pola ponte para continuar a ruta. Voltamos cruzar outro río, agora por un pasal e, ao pouco, temos o desvío á **Pedra de Abalar**, unha pedra en equilibrio das que hai varias polos arredores. Volta ao camiño e cun curto tramo de subida chegamos ao **Coto dos Ladróns**, o punto máis alto do percorrido onde poderemos ver os restos dun abrigo e deixarnos impresionar polo tamaño das pedras do lugar e as súas lendas. Voltamos polo camiño da ida ata o prado do Porto para cruzalo e ir ver no outro lado, entre as pedras do monte e o río, outro importante **grupo de chozos**, o que nos da unha idea da importancia da gandaría na zona. Por debaixo do grupo de chozos o río, obrigado polos bolos de granito que tentan atuílo, forma unha ferverza que so ten unha boa vista cando leva moita auga. Voltamos ao prado, cruzamos de volta a ponte e collemos o desvío á dereita para seguir polo **val do río Valdome** que se encaixa e descende formando rápidos e pequenas ferverzas en todo o traxecto Este tramo comeza en subida para ser logo de descenso cunha parte final que pon a proba os xeonllos. Case abaixo vemos a **ferverza de Cotogrande**. E seguimos baixando ata chegar á **ponte da Estalga**, que nos permite cruzar a Barranqueira da Fonte Uceira, ao pé da **Airoa**, e desde aquí volvemos a subir, primeiro á localidade e logo ao **miradoiro da Laxe** desde onde hai unha fermosa panorámica da Laxe e a súa contorna, e seguimos a subir ata a proximidade do miradoiro da ferverza de Casariños onde imos á dereita para volver ao punto de inicio. Se a nosa condición física non é moi boa podemos facer a ruta de ida e volta ate o Coto dos Ladróns e facer logo un achegamento desde a Airoa á ferverza de Cotogrande, evitando así a forte baixada e a subida de volta até a área de lecer.



Ferverza de Casariños, na Barranqueira da Fonte Uceira



Chozos de Casariños

Pasal na Barranqueira da Fonte Uceira



Vista do val da Barranqueira da Fonte Uceira



Xesteiro da Airoa. Os sesteiros eran espazos nos cumes do montes aos que se levaba o gando para descansar, aproveitando as correntes de aire que lle servían para refrescarse e para espantar as moscas.



Vista cara ao sur desde o Xesteiro da Airoa



Pasal nun afluente do río Valdome.



Prado do Porto, ao pé do río Valdome.



Fervenza no río Valdome



Pontella no Prado do Porto



O Coto dos Ladróns.



Abrigo no Coto dos Ladróns.



Pedra de Abalar




Liques



Cría de lagarto arnal (*Timon lepidus*)



Chozos no curral do Porto.



Val do río Valdome



Fervenza de Cotogrande.



Río Valdome



Narcissus bulbocodium



Castro da Airoa.



Panaeolus fimiputris, un cogomelo que se desenvolve nas bostas das vacas



Val do río Valdome e A Laxe